

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 28 DE NOVEMBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese José Norberto Uzal Tresandí como director xeral de Administración Local.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto que se modifica o Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes referentes a actividades de caza e pesca.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declaran Festa de Galicia de Interese Turístico a Feira Franca Medieval de Betanzos, a Festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga e a Festa de Vieira de Cambados.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o expediente de información pública, informe das administracións afectadas e o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, documento complementario para información pública, da vía de alta capacidade O Barqueiro–San Cibrao, treito: enlace centro de Viveiro (clave LU/00/063.01.3.0).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia. Novembro 2013.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución do cumprimento obxectivo da estabilidade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas do Igape aos clústers.
- Informe sobre bases reguladoras das axudas do Igape á primeira implantación promocional conxunta no exterior-Plan Primex.
- Informe sobre a convocatoria de axudas do Igape para proxectos e equipamento tecnolóxicos das pemes do sector servizos.
- Informe sobre as propostas da Xunta de Galicia para o Plan estratéxico de Navantia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a consulta telefónica en atención primaria.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CESE DE NORBERTO UZAL COMO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

O Consello da Xunta de hoxe aprobou o cese do director xeral de Administración Local, Norberto Uzal Tresandí, que abandona o Goberno galego a petición propia e por motivos persoais.

Desde o ano 2009, Uzal estivo ao fronte deste órgano encargado da relación da Xunta coas distintas corporacións locais; e xestionando, entre outros asuntos, programas europeos de cooperación transfronteiriza e distintas liñas de axudas aos concellos.



A XUNTA ESTENDE A POSIBILIDADE DE RESERVA GRATUÍTA PARA OS PERMISOS DE PESCA INTENSIVA E SEN MORTE EN CONCURSOS OFICIAIS E CONVENIOS CON ENTIDADES COLABORADORAS

- *Con este decreto complétase a revisión da norma que regula os prezos públicos dos permisos de pesca continental*
- *Para a pesca nos diferentes tipos de coutos que prevé a normativa débese obter un permiso de pesca que desde a perspectiva tributaria ten a consideración de prezo público*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola antiga Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, referentes a actividades de caza e pesca.

O obxecto deste decreto é estender a gratuidade dos permisos de pesca ás modalidades sen morte e intensiva no caso de que sexan para entidades colaboradoras non concesionarias dun aproveitamento piscícola ou coas cales exista convenio.

Con este decreto complétase a revisión da norma que regula os prezos públicos dos permisos de pesca continental. Amplíase a posibilidade da reserva gratuítas de certos tipos de permiso (de pesca intensiva e pesca sen morte), en determinadas circunstancias previstas na normativa que regula a pesca continental en Galicia (concursos oficiais e entidades colaboradoras non concesionarias dun aproveitamento piscícola ou coas que exista convenio).

Cómpre sinalar que para a práctica da pesca continental en Galicia é preciso contar cunha licenza autonómica de pesca en vigor que se ten que actualizar cada ano. Ademais, para a pesca nos diferentes tipos de coutos que prevé a normativa débese obter un permiso de pesca que desde a perspectiva tributaria ten a consideración de prezo público, mentres que a licenza ten a consideración de taxa.

Antecedentes

O Decreto 119/1994, do 28 de abril, fixa os prezos públicos dos servizos xestionados pola Administración autonómica, referentes ás actividades de caza e pesca fluvial.

Os decretos 222/1998, do 10 de xullo, e 114/2013, do 18 de xullo, modificárono no referente aos permisos de pesca, revisando os importes dos diferentes tipos de permisos para os coutos de pesca. Estas modificacións xurdiron como consecuencia das peticións formuladas nos comités de pesca, ao considerar que os prezos destes servizos estaban desfasados con respecto ás tarifas vixentes noutras comunidades autónomas, o que provocaba en ocasións abusos na demanda sobre algúns coutos.



A última modificación publicada (polo Decreto 114/2013, do 18 de xullo), recolle a posibilidade de que certos tipos de permisos (de primeira, segunda, terceira e cuarta categoría), poidan ser de carácter gratuíto en determinadas circunstancias como son os concursos deportivos oficiais e cando vaian destinados a entidades colaboradoras de pesca fluvial (non concesionarias ou coas cales exista convenio). Esta última modificación mencionada non incluía a posibilidade de reserva gratuíta no caso dos permisos de pesca intensiva e pesca sen morte, circunstancia que se fai necesaria para a correcta ordenación da actividade neste tipo de coutos.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS

- *A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Hoxe aprobouse tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga e para a Festa da Vieira de Cambados*
- *Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira Franca Medieval de Betanzos. A Feira Franca Medieval de Betanzos cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

A Feira Franca Medieval de Betanzos pon en valor todo o patrimonio histórico e cultural que atesoura o núcleo histórico da vila. Ademais, para a concesión da declaración tívose en conta a singularidade dos actos que conforman a celebración, dado que o mercado se complementa con numerosas actividades paralelas.

De igual modo, tívose en conta a súa creatividade e grande afluencia de público. Calcúlase que asisten preto de 200 voluntarios e unha media anual en cada edición dunhas 150 mil persoas. Betanzos acolleu en 2013 a edición número XVI da feira, que incluíu artesanía, cómicos, xogos malabares, maxia, contacontos, tiro con arco ou cetraría, entre outras actividades.

De igual xeito, o Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga e para a Festa da Vieira de Cambados.

Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA ANGUÍA E A MOSTRA DA CAÑA DO PAÍS DE VALGA

- *A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Hoxe aprobouse tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira Franca Medieval de Betanzos e para a Festa da Vieira de Cambados*
- *Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Anguía e a Mostra da Caña do País de Valga, que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

A Festa da Anguía, en Valga, celébrase desde o ano 1989, en 1991 incorporouse a esta celebración a Mostra da Caña do País. A Festa da Anguía tense convertido nun gran referente da gastronomía galega, ao que se sumou o atractivo da augardente, produto típico da zona. Este ano chega á súa edición número XXIII con múltiples actividades que complementan as degustacións gastronómicas, como un concurso con degustacións de augardente.

Porén, cómpre salientar ademais o carácter participativo desta celebración, na cal destacan as actividades levadas a cabo por colectivos e asociacións do propio concello, así como o elevado número de visitantes que acadan de media os 20 mil en cada edición. A festa ten tamén un gran valor cultural dado que inclúe diversas actividades complementarias que enriquecen a experiencia de visitar a festa e descubrir a gastronomía e a enoloxía da zona.

De igual xeito, o Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira Franca Medieval de Betanzos e para a Festa da Vieira de Cambados.

Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA VIEIRA DE CAMBADOS

- *A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Hoxe aprobouse tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga e para a Feira Franca Medieval de Betanzos*
- *Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Vieira de Cambados. A Festa da Vieira de Cambados cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

A singularidade da Festa da Vieira baséase en que se trata da única festa de exaltación deste molusco que se comercializa no porto de Tragove. Esta festa de exaltación gastronómica conta, ademais, cun amplo carácter participativo porque está organizada por numerosas asociacións. Cada ano recibe ademais un número de visitantes que supera os cincuenta mil.

Ao tempo, para conceder a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, tívose en conta a variedade de actividades que se desenvolven os días de celebración e que inclúen concursos gastronómicos, eventos deportivos, musicais e relixiosos. Todos eles se celebran nun enclave de alto valor cultural, arquitectónico e patrimonial.

A Festa da Vieira de Cambados celebrou este ano a súa XII Edición e entre as actividades que se organizan en paralelo ás degustacións gastronómicas de vieiras preparadas de diferentes formas inclúense regatas de bateis, concursos gastronómicos, demostracións culinarias, entregas de premios a programas sobre gastronomía, mostras da canción mariñeira ou concentracións de embarcacións clásicas.

De igual xeito, o Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga e para a Feira Franca Medieval de Betanzos.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 98 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO E ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO ENLACE CENTRO DE VIVEIRO COA VAC DA COSTA NORTE, UNHA VEZ ANALIZADAS AS ALEGACIÓNS

- *A inclusión dun enlace intermedio de Viveiro no proxecto da VAC resulta fundamental para captar tráfico para a VAC e deste xeito rendibilizar socialmente esta infraestrutura*
- *Con este enlace, a vía de alta capacidade funcionará como auténtica variante de Viveiro desconxestionando de tráfico as travesías de Viveiro, Landrove, Covas e Celeiro, que rexistran notables retencións sobre todo na época estival*
- *Ademais, suporá un impacto ambiental e paisaxístico moito menor que o trazado inicialmente previsto, xa que exixirá menos expropiacións e un menor volume de movementos de terras e de altura dos desmontes*
- *Na web da Consellería (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestructuras_Estradas) porase á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o expediente de información pública e o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental do enlace ao centro de Viveiro, que se encadra no eixo de comunicación vía de alta capacidade (VAC) Costa norte.

A Axencia Galega de Infraestruturas considera que o trazado elixido mellora a accesibilidade ao núcleo de Viveiro e, polo tanto, a mobilidade local. Ademais, suporá un impacto ambiental e paisaxístico moito menor que o trazado inicialmente previsto, que estaba moito mais alonxado de Viveiro, xa que exixirá menos expropiacións e un menor volume de movementos de terras e de altura dos desmontes, coa conseguinte diminución dos custos da actuación.

A inclusión dun enlace intermedio ou central de Viveiro no proxecto da VAC Costa Norte resulta fundamental para captar tráfico e deste xeito rendibilizar socialmente o elevado investimento que implica esta infraestrutura. Con este enlace, a VAC entre Celeiro e Viveiro sur funcionará como auténtica variante de Viveiro, desconxestionando de tráfico as travesías de Viveiro, Landrove, Covas e Celeiro, que rexistran notables retencións sobre todo na época estival, o que sen dúbida mellorará notablemente a calidade de vida dos habitantes destes núcleos urbanos, que contarán cunha estrada alternativa segura, cómoda e rápida.

Condicións

O acordo aprobado hoxe polo Consello establece que para a redacción do proxecto de construción se deberán considerar a redución das afeccións a bens e dereitos, en concreto desprazando a glorieta da LU-540 e desprazando suavemente o tronco da VAC



para minimizar os efectos indirectos sobre as vivendas do lugar da Rúa Nova, e minorando o impacto sobre a paisaxe no contorno da igrexa de Magazos mediante a conservación da actual barreira vexetal, aumentando a zona de dominio público.

Así mesmo, teranse que considerar os aspectos mencionados nos informes emitidos pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, polas direccións xerais de Conservación da Natureza e a de Patrimonio Cultural, todos eles recollidos na declaración de impacto ambiental.

Nas fases posteriores do proxecto e na execución da obra recollidos cumpriranse as prescricións da declaración de impacto ambiental (DIA); e ordénase a modificación ou revisión do planeamento urbanístico do concello de Viveiro afectado polo proxecto de trazado e estudo impacto ambiental aprobado, o cal deberá acomodarse ás determinacións no prazo dun ano desde a súa aprobación.

Na páxina web http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestructuras_Estradas porase á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

Características do trazado


O enlace centro de Viveiro coa VAC da Costa norte terá dous quilómetros de lonxitude e unha sección tipo autovía, con catro carrís de 3,5 metros cada un e un tronco de 24 metros de largo en total. Contará con tres viadutos, dous pasos inferiores e dúas glorietas.





Comparativa de trazados

No seguinte esquema comparativo pode comprobarse a diferenza entre o trazado aprobado pola resolución publicada no DOG do 18 de xullo de 2006 (sombreado en gris), e o novo trazado proposto en cor vermella, que recolle o novo enlace cara a Viveiro.



Antecedentes

En xullo de 2006, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobou definitivamente o estudo informativo e de impacto ambiental da VAC Ferrol – Barreiros (conexión A-8), treito: O Barqueiro – San Cibrao (clave: LU/00/63.0), documento que fora sometido a información pública en xuño de 2003.

Durante a fase de redacción do proxecto de trazado que desenvolvía o estudo informativo no subtítulo Viveiro sur-Celeiro, detectouse a necesidade de mellorar a accesibilidade ao núcleo de Viveiro mediante a incorporación dun novo enlace, o que permitiría canalizar parte do tráfico que circula pola estrada LU-862 pola nova vía, en

condicións máis favorables de seguridade, comodidade e rapidez. Para iso, facíase necesario exceder a banda de flutuación prevista no estudo informativo aprobado en 2006, sendo preciso un novo trámite de información pública que se iniciou en agosto de 2010.

Durante este novo período de información pública e petición de informes ás administracións afectadas, recibíronse unha serie de alegacións e informes que foron convenientemente analizados e aos cales se lles deu resposta no correspondente informe de alegacións.

En marzo de 2012, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental, que foi publicada no DOG do 14 de xuño de 2012, cuxos condicionantes deberán ser atendidos no futuro proxecto de construción e durante as obras.

Dous dos informes emitidos durante a fase de información pública (en concreto, os da Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro), rexeitan o trazado proposto, polo que, ao abeiro do artigo 15.2 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a competencia para aprobar definitivamente o proxecto de trazado e para resolver o expediente de informe das administracións afectadas corresponde ao Consello da Xunta de Galicia. Por este motivo, a CMATI propuxo ao Consello da Xunta a adopción do acordo acadado no día de hoxe.



O NOVO DECRETO DE COMERCIALIZACIÓN MELLORARÁ A IDENTIFICACIÓN E RASTREXABILIDADE DOS PRODUTOS PESQUEIROS A TRAVÉS DAS TIC

- *Consello da Xunta analizou o proxecto de Decreto polo que se regula a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros en Galicia*
- *Con este texto, a nosa comunidade contará cunha norma actualizada e adaptada á regulamentación estatal e comunitaria en materia de control da comercialización dos produtos pesqueiros*

O Consello da Xunta analizou esta mañá o proxecto de Decreto polo que se regula a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros en Galicia. O novo texto ten por obxecto desenvolver e mellorar a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros, fomentando o desenvolvemento dun comercio responsable que garanta a sustentabilidade dos recursos, así como a súa calidade. Ademais, impulsa os procesos telemáticos co emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), que redundan na mellora da rastrexabilidade e identificación dos produtos pesqueiros.

O proxecto de decreto regulará a primeira venda dos produtos pesqueiros vivos, frescos ou refrixerados, procedentes da pesca e do marisqueo, así como dos produtos procedentes da acuicultura, e dos conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo. Ademais, recollerá os requisitos que deben cumprir os lugares de desembarque ou descarga de todos estes produtos.

Recollerá tamén as obrigas de control da primeira venda, tanto se é en lonxa como se non, así como a expedición de documentos relativos ao desembarque ou descarga e ao transporte dos produtos pesqueiros, establecendo a rastrexabilidade como principio básico da comercialización en orixe. O proceso que teñen que seguir os produtos pesqueiros desde o seu desembarque ou descarga nun porto ou desde a súa introdución no noso territorio ata que se realiza a primeira venda nas lonxas ou centros autorizados, así como a actividade das vendedorías, son outros dos aspectos que regulará este proxecto de decreto.

Vantaxes

O futuro decreto beneficiará os axentes comercializadores, os consumidores e a propia Administración. Así, a través del, os axentes comercializadores aseguran a calidade e posibles certificacións dos produtos. Por outra banda, aos consumidores proporcionaralles confianza respecto da orixe dos produtos pesqueiros e para a Administración suporá unha mellora nos programas de control sobre os produtos pesqueiros e facilitaralle a xestión de incidencias ou alertas de seguridade.

Con este texto, a nosa Comunidade contará cunha norma actualizada e adaptada á regulamentación estatal e comunitaria en materia de control da comercialización dos



produtos pesqueiros. Ademai, o novo decreto integrará por primeira vez toda a normativa galega e estatal nesta materia substituíndo as anteriores normas.



A XUNTA PRESENTA UN INFORME SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO CO FIN DE AFONDAR NA LOITA CONTRA ESTA LACRA SOCIAL

- *O documento recolle os datos sobre violencia, o balance das iniciativas xa en marcha e as liñas de actuación futuras*

Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero, a Vicepresidencia presentou un informe no Consello da Xunta para coñecer os datos relativos a este problema en Galicia, facer balance das últimas iniciativas postas en marcha desde o Goberno galego para loitar contra esta lacra e apoiar ás súas vítimas, e informar das liñas de acción futuras.

Precisamente no informe recóllese que o vindeiro ano entrará en funcionamento o Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (CRI), un compromiso asumido polo Goberno galego e recollido no VI Plan Galego de Igualdade. Este centro, radicado en Santiago, dará servizo a mulleres vítimas de violencia que residan en Galicia e ás persoas ao seu cargo, especialmente ao seus fillos e fillas.

A diferenza doutros existentes (casas de acollida, casas tuteladas,...) o CRI será un centro de referencia e innovador xa que ofrecerá un modelo de atención integral ás vítimas de violencia de xénero desde o inicio do proceso ata a súa completa recuperación. É dicir, non terá un carácter residencial, senón que será un centro pioneiro que proporcionará unha atención integral, de carácter ambulatorio e asistencia multidisciplinar. Non obstante, manterase en estreita colaboración co resto dos servizos en materia de violencia de xénero co fin de evitar duplicidades e optimizar esforzos e recursos, xa que actuará como centro coordinador da Rede galega de acollemento ás vítimas de violencia.

Así mesmo, no CRI aplicaranse terapias e labores de asesoramento ás vítimas, actuará como centro formador de profesionais e voluntarios na loita contra a violencia de xénero e será o Punto de Coordinación das ordes de Protección de Galicia.

Observatorio

Outra das liñas de acción que se establecerá será o Observatorio Galego para a Violencia de Xénero, un órgano de recollida, análise e difusión de información relativa a esta lacra social. Froito da realización de investigacións, de estudos específicos, da análise rigorosa e pormenorizada, e unha vez feito o diagnóstico da situación, este Observatorio será clave para o deseño de estratexias de loita contra a violencia de xénero.



Será, por tanto, o encargado de propoñer medidas integrais de atención ás vítimas e de deseñar accións concretas para a prevención e erradicación da violencia de xénero en todos os ámbitos, con especial atención ao ámbito educativo.

Publicidade non Sexista

Ao amparo deste Observatorio crearase tamén a Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, que terá como obxecto asesorar e orientar ás entidades, asociacións e axentes publicitarios que o requiran, entre outros, na eliminación do sexismo nas mensaxes publicitarias. Desde esta Comisión tamén se proporán alternativas positivas para erradicar todo tipo de discriminación por razón de sexo e desde a mesma se canalizarán as queixas recibidas en relación coa publicidade sexista.

Doutra banda, asumindo que a violencia de xénero non é un problema privado das mulleres que a padecen, senón un problema de toda a sociedade, no informe reflíctense os datos e actuacións que evidencian o compromiso da administración autonómica de traballar intensa e conxuntamente na colaboración interinstitucional, na ampliación da protección das vítimas e na mellora da súa recuperación física, psicolóxica e social, así como na sensibilización de toda a sociedade no rexeitamento de todas as formas de violencia.

O informe reflicte que no que vai de ano, producíronse dúas mortes en Galicia por violencia de xénero -o 4 por cento dos casos rexistrados en España- e os xulgados galegos ditaron 884 ordes de protección. Segundo os datos do Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia, as provincias máis afectadas son A Coruña e Pontevedra, con 345 e 353 casos, respectivamente; seguidas de Lugo, con 129; e Ourense, con 57.

Ademais, hai que salientar que no referido ás medidas no ámbito xudicial, os sete Colexios de Avogados de Galicia teñen establecido mecanismos para garantir a atención xurídica, 24 horas; e asistencia letrada urxente a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como quendas especializadas en violencia de xénero.

Atención ás vítimas

No programa de atención psicolóxica, que desenvolve a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, participaron 274 persoas, das que 189 foron mulleres, 75 nenos e nenas e 10 persoas dependentes. Ademais, participaron na intervención 72 profesionais da psicoloxía.

No programa 'Abramos o Círculo' beneficiáronse un total de 63 homes e contou coa participación de 39 profesionais. Trátase dun dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella ou coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.



Por provincias, o maior número de beneficiarios do programa de atención psicolóxica atopase na Coruña, con 117 persoas; seguido de Pontevedra, con 51; Lugo, con 25 e Ourense, con 21 casos. En 'Abramos o Círculo' a provincia con máis beneficiarios foi Pontevedra, con 32 casos; A Coruña, con 28; Lugo, con 2; e Ourense cun único caso.

Axudas económicas

No que levamos deste 2013, a Secretaría Xeral da Igualdade concedeu 264 axudas económicas a mulleres vítimas da violencia de xénero. A maior parte destas axudas, 198, correspóndense coa modalidade de pagamentos mensuais, unha axuda que tenta garantirlle ás vítimas unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e así posibilitar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Pola contra, as axudas de pagamento único, das que houbo 55 casos, están destinadas a aquelas mulleres que sofren violencia de xénero e acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego. A estas axudas hai que sumarlles outras 11 indemnizacións -previstas na lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero autonómica-, dirixidas a facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Xeograficamente, das 264 mulleres preceptoras destas axudas, o maior número corresponde a mulleres residentes na provincia da Coruña, con 110 casos, seguida de Pontevedra, con 85; Lugo con 43 mulleres e Ourense con 24.

Teléfono de información

O teléfono de información ás mulleres atendeu no que vai de ano máis 5.000 chamadas chamadas, máis que en todo o 2012, ao que sen dúbida contribuíu o convenio asinado o ano pasado entre a Secretaría xeral da Igualdade e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a prestación do servizo telefónico de información e asesoramento a mulleres vítimas da violencia de Xénero.

O dito convenio garante a derivación automática das chamadas realizadas ao 016 dende o ámbito territorial de Galicia ao teléfono 900 400 273. Esta colaboración permite unha prestación máis axeitada do servizo público de atención e asesoramento ás vítimas de violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da información requirida; garantindo ás usuarias a información máis precisa sobre os recursos xeograficamente máis próximos á súa localidade de residencia.



GALICIA EXECUTA E PAGA MELLOR QUE A MEDIA DE COMUNIDADES, E REDUCIU O SEU DÉFICIT UN 31% ATA O TERCEIRO TRIMESTRE

- *O gasto executado pola Administración galega é dous puntos superior á media autonómica, e os pagamentos sobre obrigas chegan ao 96%, oito puntos máis*
- *A diferenza é aínda maior na execución dos investimentos reais, nos que Galicia supera en 15 puntos a media das comunidades autónomas*
- *Galicia compatibiliza estes altos niveis de execución cun déficit dúas décimas menor que a media, e mantense como a segunda comunidade en esforzo investidor*
- *Foi a segunda comunidade con menor déficit no período 2009-2012 grazas a unha política de rigor, mantendo unha senda de diminución progresiva e non abrupta*
- *A Xunta ratifica que volverá cumprir neste exercicio co compromiso de estabilidade orzamentaria, como xa fixo en 2012*
- *Galicia tamén compatibilizou o pasado ano a redución do déficit coa segunda mellor evolución do PIB autonómico, sete décimas mellor que o conxunto das CC.AA.*

Santiago, 28 de novembro de 2013.- Galicia rexistra nos tres primeiros trimestres de 2013 un nivel de execución e de pagamentos mellor que a media de comunidades autónomas, e ao mesmo tempo neste período foi quen de reducir o seu déficit público nun 31% en relación ao terceiro trimestre do pasado ano, ao tempo que mantén un déficit inferior á media.

Segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, o déficit público de Galicia situouse no terceiro trimestre no 0,8% en termos de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Esta cifra é dúas décimas menor que a media das comunidades autónomas, que a 30 de setembro de 2013 alcanzou o 1%.

Ao mesmo tempo, Galicia está sendo capaz de manter uns niveis de execución mellores que a media de comunidades autónomas. Ao peche do terceiro trimestre a porcentaxe de gasto executado na Comunidade galega é dous puntos superior á media, mentres que os pagamentos sobre o total de obrigas alcanzaron o 96%, oito puntos máis.

Segunda comunidade en esforzo investidor

O bo ritmo de execución dos orzamentos ten especial incidencia no capítulo VI do orzamento, o de investimentos reais. Neste capítulo Galicia executou case o 60% do gasto, 15 puntos máis que a media das comunidades autónomas, mentres que os pagamentos tamén superan en 15 puntos a media. Así, Galicia mantense como a segunda comunidade que realiza maior esforzo investidor, case catro puntos máis que a media.



Deste xeito, a Comunidade galega segue a mostrar un mellor ritmo de execución orzamentaria e o está a combinar cunha redución do seu déficit público de forma paulatina e non abrupta, tal como vén facendo dende o ano 2009. De feito, na lexislatura 2009-2012 converteuse nunha das comunidades de referencia no cumprimento da estabilidade orzamentaria, sendo a segunda comunidade con menor déficit neste período, catro puntos menos que a media das autonomías.

Ademais, o Executivo autonómico ratifica que neste exercicio 2013 o Goberno autonómico volverá cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria, fixado para Galicia no 1,2% polo Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF). A Comunidade galega achegará de novo solvencia ás contas de España, posto que en 2012 tamén cumpriu o obxectivo fixado polo Estado para o conxunto das comunidades.

Mellor evolución do PIB

O informe presentado pola conselleira de Facenda confirma tamén que Galicia compatibilizou en 2012 a redución do déficit público cun mellor comportamento do Produto Interior Bruto (PIB) autonómico.

Así, o pasado ano Galicia rexistrou a segunda mellor evolución do PIB entre o conxunto das comunidades. A economía galega tivo en 2012 un comportamento sete décimas mellor que a media das autonomías, e no que vai de 2013 tamén mantén un diferencial positivo co conxunto do Estado.



A XUNTA APOIA CON 4,2 MILLÓNS DE EUROS A CONSOLIDACIÓN DE CLÚSTERS EXCELENTES PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS

- *Desenvolveranse 14 proxectos que permitirán consolidar outros tantos clústers con potencial para actuar como motores da innovación e a cooperación empresarial*
- *O programa cobre, durante o primeiro ano, ata o 100% dos custos de funcionamento destinados á captación de empresas e organización de programas formativos*
- *Promóvense proxectos de mellora en centros de formación e infraestruturas de investigación, con apoios que chegan ata o 50% dos investimentos*

A Xunta de Galicia, consciente da importancia dos clústers na dinamización da economía galega, vén de resolver a liña de apoios destinada a impulsar a súa excelencia co obxectivo de configuralos como os ámbitos idóneos en que desenvolver proxectos innovadores que incrementen a competitividade do tecido empresarial galego. Deste xeito, segundo a resolución avaliada hoxe polo Consello da Xunta, destinaranse 4,2 millóns de euros a financiar 14 proxectos que permitirán consolidar outros tantos clusters excelentes e con potencial para actuar como motores da colaboración e a innovación.

Neste sentido, os proxectos aprobados potencian a capacidade dos clústers no ámbito da cooperación empresarial, permitíndolles dinamizar a actividade das pemes e animando a xeración de emprego. Para iso, as axudas cobren ata o 100%, durante o primeiro ano, dos custos de funcionamento destinados á captación de empresas e organización de programas formativos.

Así mesmo, impúlsanse tamén proxectos de mellora promovidos polas agrupacións en centros de formación e infraestruturas de investigación, con apoios que chegan ata o 50% dos investimentos. En particular, promóvense investimentos encamiñados a facilitar o impulso tecnolóxico e a innovación destinada ás pemes. Neste contexto, entre os gastos que apoiará a Xunta figuran a xestión de instalacións de libre acceso da agrupación; a organización de programas de formación, obradoiros e conferencias co fin de fomentar o intercambio de coñecementos; e o traballo en rede entre os membros da agrupación.

Os clústers beneficiados por esta liña de apoios son a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga), o do Têxtil, o da Acuicultura, o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), Anfaco, o Clúster do Granito, a Asociación Clúster da Industria Naval de Galicia (Aclunaga), o Clúster de Loxística de Galicia, o da Madeira, o Clúster TIC, o Audiovisual de Galicia, o do Produto Gráfico, o de Biotecnoloxía, e o Clúster da Lousa.



O procedemento de concesión das subvencións da convocatoria seguiu réxime de concorrencia competitiva. Avalidáronse, por unha banda, o potencial, capacidade tecnolóxica e innovadora e a representatividade dos clústers solicitantes; e, por outra parte, valoráronse as características dos proxectos presentados, con especial consideración para o seu encadramento nun plan estratéxico das agrupacións solicitantes, o carácter innovador dos proxectos ou a detección de novas oportunidades de negocio.

A través deste programa, o Goberno galego reitera a súa aposta, reflectida na Lei de política industrial de Galicia, pola eficiencia e dinamismo dos clústers como dinamizadores da economía galega. Non en van, estas agrupacións aglutinan arredor dun terzo do PIB global de Galicia, sumando máis de 26.000 millóns de euros de volume de negocio no seu conxunto e representando máis da metade das exportacións da comunidade.

Así mesmo, esta aposta vai en sintonía coa Estratexia 2020 da Unión Europea, baseada nun modelo de crecemento intelixente, sustentable e innovador no cal os clústers están chamados a ser o vehículo adecuado para procurar que a innovación chegue ás pequenas e medianas empresas.



A XUNTA MOBILIZARÁ MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS EN PROXECTOS EMPRESARIAIS DE INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE

- *6 millóns de euros estarían centrados no Primex 2014 de cara a impulsar as primeiras implantacións das empresas galegas no exterior mediante proxectos conxuntos de cooperación*
- *A través do plan, téñense apoiado ata o de agora 46 proxectos de cooperación nos cales participan 250 empresas galegas que se están a implantar en 21 países*
- *No eido da competitividade, os proxectos de investimentos en equipamentos tecnolóxicos nas pemes do sector servizos mobilizarán máis de 6 millóns de euros primando de xeito especial as pequenas empresas con apoios de ata o 50%*
- *O Goberno galego contribúe así ao impulso da innovación tecnolóxica no tecido empresarial galego, que incrementou nun 10% o seu gasto nesta materia no último ano*
- *En ambas as liñas, os proxectos impulsados por empresas de zonas con especiais plans de dinamización contarán con maior intensidade de axudas*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola mellora continua do tecido empresarial galego, impulsa un ano máis o Plan Primex e o Programa de investimentos tecnolóxicos no sector servizos, cos cales espera mobilizar máis de 12 millóns de euros no vindeiro exercicio a través de actuacións que faciliten tanto a saída ao exterior como o incremento da competitividade das empresas da Comunidade.

Neste sentido, e dentro da estratexia de internacionalización do Goberno galego, o Plan Primex mobilizará en 2014 arredor de 6 millóns de euros, regulando a concesión de axudas directas por importe de 4,1 millóns de euros. Deste xeito, impulsaranse as primeiras implantacións das empresas galegas no exterior a través de proxectos conxuntos de cooperación que permiten unir esforzos, compartir custos e, se fora o caso, desenvolver estratexias de marca.

Promóvese así a colaboración empresarial co obxectivo de establecerse por primeira vez en novos mercados internacionais de cara ao lanzamento de produtos ou servizos galegos. A través do plan, téñense impulsado ata o de agora 46 proxectos de cooperación nos cales participan 250 empresas galegas que se están a implantar en 21 países de diversa índole como Australia, Brasil, China, Estados Unidos, Francia, México, Panamá, Reino Unido ou Rusia.

Así mesmo, ao abeiro da convocatoria de 2013, aínda en fase de avaliación, recibíronse 39 propostas para desenvolver acordos de cooperación entre máis de 120 empresas, que apostan por promover proxectos conxuntos de implantación no exterior que



permitirían chegar a mercados como Alemaña, Arxelia, Chile, Indonesia, Paraguai ou Porto Rico.

A contía máxima da axuda dos proxectos do Primex chega ata o 70% do custo, cun límite de 150.0000 euros, en función do número de empresas que cooperen; incrementáanse os apoios para empresas situadas nas áreas amparadas por plans de dinamización territorial –Lugo, Ourense, Ferrolterra e Costa da Morte– (5%), ou para aquelas que se atopen encadradas nun clúster (5%).

Por outra banda, e tamén a través do Igape, a Consellería de Economía e Industria prevé mobilizar 6,2 millóns de euros en investimentos tecnolóxicos promovidos por pemes do sector servizos. As axudas habilitadas para o financiamento deste programa ascende a 2,5 millóns de euros, privilexiando de modo especial as pequenas empresas, cuxos apoios poden chegar ao 50% do custo do proxecto.

A través destas axudas búscase a implantación de medidas dirixidas a incrementar a capacidade tecnolóxica das pemes, especialmente daquelas que teñan vocación de crecemento como medio para aumentar a súa competitividade, contribuír ao crecemento sustentable e, en consecuencia, favorecer o emprego e a xeración de riqueza. Deste xeito, promóvese o investimento en innovación tecnolóxica por parte do tecido empresarial galego, que no último ano incrementou o seu gasto nesta materia nun 10%, superando os 600.000 euros.

Cómpre salientar que, de cara á resolución das solicitudes, que se fará polo sistema de concorrencia competitiva, se valorará de xeito especial a creación de emprego, especialmente cando sexa para integrantes de colectivos de difícil inserción laboral. Así mesmo, nesta liña de investimentos tecnolóxicos, como sucede no Primex, primaranse tamén os proxectos desenvolvidos nas áreas amparadas por plans de dinamización territorial, que contan cunha maior valoración no proceso de selección.



A XUNTA TRASLADA A NAVANTIA AS PROPOSTAS QUE DEBERÍA RECOLLER O SEU PLAN ESTRATÉXICO PARA DOTAR DE CARGA DE TRABALLO AOS ESTALEIROS DE FERROL E GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE

- *O Goberno galego propón a concreción de balances diferenciados nos estaleiros públicos de Ferrol, Cartaxena e Cádiz*
- *Insta á compañía a elaborar unha axenda concreta para Navantia Ferrol que contemple novas posibilidades de negocio apostando pola construción naval militar e civil*
- *Plantexa a diversificación industrial das actividades económicas para aproveitar as posibilidades que ofrecen a eólica mariña, a construción de buques Offshore ou os módulos industriais das refinerías*
- *Considera necesario apostar polo sector de reparacións promovendo a construción do dique flotante para facer fronte á demanda nesta área*
- *Avoga porque o Plan asegure o cumprimento das condicións exixidas pola Comisión Europea para o levantamento do veto á construción civil en xaneiro de 2015*

A Xunta de Galicia está a levar a cabo un seguimento dos pasos anunciados por Navantia para garantir a súa viabilidade. Neste sentido, o Goberno galego aprobou hoxe un acordo que remitirá á SEPI e á dirección de Navantia coas propostas que considera que debería recoller o seu Plan Estratéxico para dotar de carga de traballo aos estaleiros da Ría de Ferrol e asegurar a súa continuidade.

Así, a Xunta aposta pola concreción de balances diferenciados que concreten os ingresos e os gastos das instalacións de Navantia en Ferrol, en Cartaxena, e en Cádiz, co obxectivo de determinar a eficiencia e a viabilidade destes centros de xeito individual e acadar solucións que garantan o seu futuro.

Así mesmo, o Goberno galego insta á compañía a elaborar unha axenda específica para Navantia Ferrol que contemple novas posibilidades de negocio apostando tanto pola construción naval militar como pola civil. Neste marco, resalta a Xunta, a especialización resulta un factor fundamental para acadar unha maior competitividade, motivo polo que as instalacións de Ferrol deberían centrarse na construción de buques de guerra, mentres que as de Fene contemplaríanse como centro produtivo especializado na construción civil. Esta aposta evitaría a dependencia extrema do sector militar, abrindo posibilidades de negocio tamén no ámbito civil.

Neste contexto de diversificación industrial, a Xunta considera indispensable apostar por distintas actividades económicas con gran proxección nestes momentos con vistas a potenciar as instalacións de Astano e Imenosa, como é o caso da eólica mariña; dos buques Offshore; ou dos módulos industriais de refinerías, que ofrecen grandes posibilidades de colaboración con empresas auxiliares locais e nacionais.



Así mesmo, entre as propostas trasladadas polo Goberno galego a Navantia, reiterase de novo a oportunidade de apostar polo sector de reparacións para dotar ao estaleiro ferrolán das infraestruturas necesarias para facer fronte á demanda nesta área, especificamente a través dun novo dique flotante que permita acceder a reparacións de grandes buques. Nesta liña, a Xunta ten reservado unha partida de 5 millóns de euros para o dique, e avoga por seguir intentando que a Unión Europea acepte construír esta infraestrutura en Ferrol.

Por último, a Xunta estima que o Plan Estratéxico debe asegurar que Navantia cumprirá as condicións esixidas pola Comisión Europea para o levantamento do veto á construción civil en xaneiro do 2015. Esta situación, ademais do seu impacto económico, ten sido un lastre permanente sobre as capacidades do estaleiro para diversificar a súa actividade e especializarse noutros sectores.

**O VINDEIRO LUNS, 2 DE DECEMBRO, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PON EN
FUNCIONAMENTO EN TODA GALICIA A CONSULTA TELEFÓNICA CO MÉDICO
DE FAMILIA**



A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, informou hoxe no Consello da Xunta de que o Servizo Galego de Saúde vai estender, o vindeiro luns, día 2 de decembro, a todos os centros de saúde e consultorios, a posibilidade de que os pacientes sexan atendidos telefonicamente polo seu médico de familia por un proceso novo. Isto permitirá mellorar a accesibilidade da cidadanía galega ao sistema sanitario e evitará desprazamentos innecesarios. Así mesmo, con esta medida favorécese a implantación de sistemas organizativos que posibilitan consultas e revisións non presenciais por parte dos pacientes e das persoas coidadoras mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Este novo servizo permitiralles aos pacientes que soliciten unha cita, tanto telefonicamente como a través da internet, elixiren voluntariamente a posibilidade de ser atendidos de forma presencial ou telefónica polo seu médico de cabeceira.

Como paso previo á implantación deste novo servizo en toda a Comunidade Autónoma, e tal e como recolle o informe hoxe abordado no Consello, o Sergas puxo en marcha, o pasado mes de xuño, un proxecto piloto de consulta telefónica non presencial en sete centros de saúde, concretamente na Covada-Oleiros na Coruña, Ares en Ferrol, Baleira en Lugo, Cerdedo en Pontevedra, A Baña en Santiago, Salvaterra en Vigo e Toén en Ourense.

Logo da realización dunha enquisa de valoración, os principais resultados do estudo piloto de consulta telefónica en atención primaria reflicten que o 93% dos pacientes atendidos consideran que a súa experiencia foi boa ou moi boa e que ao 95% lles pareceu apropiado o tempo de consulta. Así mesmo, o 93% dos pacientes manifestaron que lles quedaron claras as indicacións que lles deu o médico.

Tamén se fixeron reunións de avaliación e seguimento entre os profesionais que levaron a cabo este proxecto, e obtívose unha valoración moi positiva.

Isto indica un alto grao de satisfacción, tanto por parte dos profesionais coma dos usuarios que participaron no proxecto piloto.

Por todo isto, decidiuse implantar este novo servizo en toda Galicia, o que lles evitará aos pacientes desprazamentos innecesarios, favorecerá a súa accesibilidade ao sistema sanitario e aumentará a súa capacidade de elección.

